MEMORIA FUNCIONAL COMPLEMENTARIA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A través desta memoria compleméntase a memoria funcional do 11 de xuño de 2025 relativa á proposta de modificación da relación de postos de traballo (RPT) da Consellería de Facenda e Administración Pública. Nos seguintes apartados recóllense os cambios propostos nos diferentes centros directivos respecto dos recollidos na memoria funcional indicada.

1.- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO

Como xa se indicou na memoria funcional do 11 de xuño de 2025, créanse diversos postos na Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro.

A este respecto, na Vicesecretaría Xeral, a creación do posto de traballo Xefatura de Sección II, código FC.C02.00.001.15770.033, vén motivada pola crecente carga de traballo que afecta ao Servizo de Contratación e Réxime Interior da Consellería de Facenda e Administración Pública nos últimos anos, así como pola dificultade para cubrir, en moitos casos, as xefaturas de negociado. A estes efectos, achegamos un cadro resumo coa evolución na carga de traballo do antedito Servizo ao longo dos últimos anos:

	2021	2022	2023	2024	2025 1º sem
Contratos menores	14	54	93	76	47
Contratos abertos	6	4	8	4	8
Derivados de AM	10	6	3	5	5
Convenios	2	2	2	4	6
Encomendas	4	1	1	1	1
TOTAL	36	67	107	90	67

E, na Subdirección Xeral de Apoio Técnico-Xurídico, a creación do posto de traballo Xefatura de Sección II, código FC.C02.00.002.15770.013, vén motivada, fundamentalmente, pola nova atribución das competencias realizada polo Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública. A Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro asumiu as competencias en materia de xogo, o que implica que corresponde á Subdirección Xeral de Apoio Técnico- Xurídico un incremento na súa carga de traballo habitual, das que poden ser exemplo as seguintes tarefas:

- Elaboración das resolución dos recursos administrativos en materia de xogo. Así, no ano 2024 foron recibidos 148 recursos e no que se leva do ano 2025 presentaronse 37 recursos.
- Tramitación de solicitudes de información pública: no ano 2024 recibíronse 19 solicitudes e, no ano 2025, 18 solicitudes.
- Tramitación normativa: no ano 2024 incorporouse na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas unha modificación da Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia. No ano 2025, estase tramitando un decreto e está prevista a tramitación dun segundo decreto.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: fVxdIjds54d1 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Na Subdirección Xeral do Tesouro, respecto da creación do posto de traballo Servizo da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia, código FC.C02.00.004.15770.032, engádese a seguinte motivación xustificativa para a forma de provisión de libre designación. Como xa se indicou na memoria funcional do 11 de xuño de 2025, as características do posto son as mesmas que as do antigo Servizo de Tesouraría e da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta xefatura de servizo ten ao seu cargo a constitución, custodia e devolución dos depósitos e fianzas constituídos nos servizos centrais da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia. En consecuencia, xustifícase a forma de provisión de libre designación dada a súa especial responsabilidade á hora de decidir se se aceptan ou non as garantías que se pretenden constituír a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa custodia e acordar a súa devolución. Esta forma de provisión axústase ao previsto na Instrución Cuarta ("*1. Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por enriba do exixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode supoñer problemas de seguridade para a propia Xunta de Galicia. As funcións dos postos que determinan a especial responsabilidade derivada deste criterio son: 1.1. Responsabilidade directa dos rexistros ou arquivos que conteñan información sobre algún dos seguintes ámbitos: 1.1.1. Seguridade patrimonial ou das persoas*" e "*5. Especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais. A especial responsabilidade baséase na facultade de decisión sobre os sistemas e procedementos garantes do cumprimento do dereitos amparados pola normativa de protección de datos de carácter persoal*") da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 44, do 4 de marzo de 2016).

Elimínase a proposta recollida na memoria funcional do 11 de xuño de 2025 de modificación da denominación do posto de traballo Xefatura de Sección de Tesourería, código FC.C05.00.002.15770.009 (que pasa a ser FC.C02.00.004.15770.009), mantendo a denominación actual, dado que o dito posto foi ofertado no concurso ordinario para a provisión de postos de trabalo vacantes na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado por Resolución do 13 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, na fase de resultas.

2.- DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS

Na Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos realízanse os seguintes cambios respecto da proposta recollida na memoria funcional do 11 de xuño de 2025 nos postos de traballo que se indican a continuación:

- Con dependencia directa da dirección xeral, créase o posto de traballo Servizo de Estudos e Atracción doutras Fontes de Financiamento Europeo, código

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: fVxdIjds54d1 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

FC.C04.00.000.15770.015, e modifícase a proposta recollida na memoria funcional do 11 de xuño de 2025 (na que se propoñía a apertura corpo/escala a xeral / XSE - escala superior de estatísticos / XME - escala técnica de estatísticos / XSF - escala superior de finanzas / XMF - escala técnica de finanzas), propoñendo no seu lugar a apertura en corpo/escala a xeral / XSE (escala superior de estatísticos) / XME (escala técnica de estatísticos).

- Dependendo da Subdirección Xeral de Programación, Seguimento e Avaliación de Fondos Europeos créanse os seguintes postos de traballo:
  - Xefatura de Sección I, código FC.C04.00.001.15770.002, no que se modifica a proposta recollida na memoria funcional do 11 de xuño de 2025 (na que se propoñía a apertura corpo/escala a xeral / XSE - escala superior de estatísticos / XME - escala técnica de estatísticos / XSF - escala superior de finanzas / XMF - escala técnica de finanzas), propoñendo no seu lugar a apertura en corpo/escala a xeral / XSE (escala superior de estatísticos) / XME (escala técnica de estatísticos).
  - Xefatura de Sección II, código FC.C04.00.001.15770.003, no que se modifica a proposta recollida na memoria funcional do 11 de xuño de 2025 (na que se propoñía a apertura corpo/escala a xeral / XSE - escala superior de estatísticos / XME - escala técnica de estatísticos / XSF - escala superior de finanzas / XMF - escala técnica de finanzas), propoñendo no seu lugar a apertura en corpo/escala a xeral / XSE (escala superior de estatísticos) / XME (escala técnica de estatísticos).

- Dependendo da Subdirección Xeral de Inspección e Control dos Fondos Europeos, no Servizo de Inspección e Control do FEDER créase o posto de traballo Xefatura de Sección II, código FC.C04.00.004.15770.009, e, respecto da proposta recollida na memoria funcional do 11 de xuño de 2025 (na que se propoñía a apertura en corpo/escala a Xeral / Especial), concrétase como escala e especialidade de Especial as escalas de enxeñería, especialidade enxeñería de camiños, canais e portos, e enxeñería técnica, especialidade enxeñería técnica de obras públicas, de xeito que se propón a apertura deste posto de traballo en corpo/escala a Xeral / Especial (escalas enxeñería, especialidade enxeñería de camiños, canais e portos ESE1 / enxeñería técnica, especialidade enxeñería técnica de obras públicas EME1).

3.- DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO

No posto de traballo Posto Base Subgrupo C2, código FC.C08.00.000.15770.017 (que pasa a ser FC.C06.00.000.15770.017), elimínase a observación "ocupado por persoal laboral fixo (DT 11ª da Lei 4/1988, do 26 de maio)" logo da xubilación o 16 de xuño de 2025 do persoal laboral fixo que ocupaba este posto de traballo.

Na Subdirección Xeral do Patrimonio, no posto de traballo Xefatura Servizo Técnico de Inventario, código FC.C02.00.002.15770.007 (que pasa a ser FC.C06.00.000.15770.054), elimínase en titulación académica a licenciatura/grado en economía (2022) ou en dereito (2062). E modifícase a proposta recollida na memoria funcional do 11 de xuño de 2025 (na que

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: fVxdIjds54d1 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

se propoñía a apertura corpo/escala a Xeral / Especial), propoñendo no seu lugar a apertura en corpo/escala a Especial (escalas arquitectura ESA / arquitectura técnica EMA / enxeñería, especialidade enxeñería agrónoma ESE2 / enxeñería técnica, especialidade enxeñería técnica agrícola EME4 / enxeñería, especialidade enxeñería de montes ESE5 / enxeñería técnica, especialidade enxeñería técnica forestal EME3), polas razóns que se expoñen a continuación.

A este respecto hai que sinalar que, da análise das funcións asignadas ao servizo, despréndese que ao marxe de funcións xenéricas como o a formación do inventario ou o pagamento do IBI, existen unhas funcións moi técnicas que esixen unha cualificación específica.

Por un lado, a valoración de inmobles citados no 16.4.1.1 a e b do Decreto de estrutura, é unha función necesaria para darlle un valor aos bens de Inventario para a elaboración anual da contabilidade patrimonial, e tamén elemento imprescindible para o Servizo de Administración e Xestión Patrimonio que dispón da competencia para a compra, arrendamento e venda de bens inmobles e que necesita incorporar aos expedientes un informe de taxación. Ademais, faise preciso unha análise do valor dos inmobles nos expedientes de expropiación forzosa que poida tramitar a Consellería de Facenda e Administración Pública (actualmente centrados en Retegal como beneficiario). O ámbito rústico é o que máis se precisa nestes momentos, ao contar xa con persoal especializado para a valoración de inmobles urbanos noutros Servizos da Subdirección.

Por outro lado, os traballos técnicos nos procedementos de investigación e deslindamento citados no apartado d do artigo 16.4.1.1 do Decreto de estrutura céntranse fundamentalmente en elaboración e traballo con planimetría.

A data de hoxe, tralos cambios producidos na lexislación hipotecaria a partir de 2015 a cartografía catastral pasou a ser o elemento sobre o que xira calquera tipo de actuación sobre os inmobles, debido á intención dos lexisladores de buscar unha coordinación entre o rexistro e catastro para buscar unha debida actualización dos datos de catastro que en moitos dos casos carecen dunha correcta delimitación.

Tanto a alta como a baixa de bens no inventario xeral implican a súa vez a necesidade de alta ou baixa catastral dos inmobles. Tamén é necesario adaptar as superficies establecidas nos títulos de propiedade ás superficies erróneas que é habitual que consten en catastro.

Ademais, tanto a normativa catastral como a normativa hipotecaria esixen informes do Servizo Técnico de Inventario para calquera actuación de particulares sobre inmobles que son colindantes con bens autonómicos. Para poder concretar unha posible invasión de terreo é preciso a elaboración de planos catastrais coa superposición correspondente.

Catastro está esixindo para as peticións que se realizan que se acompañe a esta un IVGA, é dicir, un informe de validación gráfica no que se formaliza un plano catastral cos cambios que se propón realizar nos inmobles.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: fVxdIjds54d1 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

Por último tamén destacar a utilización frecuente dos programas SIGPAC e do SIOTUGA para concretar a cartografía dos inmobles de titularidade autonómica.

O descrito anteriormente supuxo un incremento significativo das funcións técnicas que fan aconsellable que a xefatura de Servizo Técnico de Inventario (o propio nome do Servizo "Técnico" o di) sexa ocupado por persoal do corpo especial sin a esixencia ademáis das titulacións actuais, licenciatura/grado en dereito ou en económicas.

Tendo en conta o anterior, e dado que o Inventario Xeral está formado tanto por inmobles de natureza urbana como de natureza rústica, proponse que o posto de traballo Xefatura Servizo Técnico de Inventario estea aberto en corpo/escala a Especial e, dentro deste, aos corpos específicos ligados a estos dous tipos de natureza, é dicir, arquitecto e arquitecto técnico, para os bens de natureza urbana, e enxeñeiro agrónomo e enxeñeiro técnico agrícola para os rústicos, incluíndo tamén aos enxeñeiros de montes e aos enxeñeiros técnicos forestais.

4.- A INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Como xa se indicou na memoria funcional do 11 de xuño de 2025, no centro de destino Subdirección Xeral de Fiscalización e Control Interno créase o posto de traballo Servizo de Fiscalización e Xestión II, código FC.C07.00.001.15770.018. Respecto deste posto, engádese a seguinte motivación xustificativa para a forma de provisión de libre designación. As características do posto son as mesmas que as do outro Servizo de Fiscalización e Xestión da mesma subdirección xeral, que desenvolven funcións relacionadas coa tramitación de expedientes do Consello da Xunta. En consecuencia, a súa forma de provisión axústase ao previsto na Instrución Cuarta ("1. *Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por enriba do exixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode supoñer problemas de seguridade para a propia Xunta de Galicia. As funcións dos postos que determinan a especial responsabilidade derivada deste criterio son: 1.1. Responsabilidade directa dos rexistros ou arquivos que conteñan información sobre algún dos seguintes ámbitos: 1.1.5. Responsable da preparación da orde do día e das convocatorias e documentación dos expedientes que se eleven ao Consello da Xunta e á Comisión de Secretarios Xerais Técnicos*") da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 44, do 4 de marzo de 2016).

Polo que respecta á creación dos postos de traballo que se indican a continuación, a apertura en corpo/escala ás escalas superior e técnica de finanzas correspondentes xustifícase polas funcións que se desenvolven nas Intervencións Delegadas (Sección 4ª do Capítulo IV do Título II do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, artigo 27), centros de destino onde se

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: fVxdIjds54d1 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ubican os ditos postos, que se crean coas mesmas características que os análogos nas restantes Intervencións Delegadas:

- No centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, como consecuencia da asunción das competencias en materia de mobilidade, o posto de traballo Xefatura de Sección II, código FC.C07.00.011.15770.008, créase aberto en corpo/escala a XSF2 (escala superior de finanzas, especialidade intervención) / XMF2 (escala técnica de finanzas, especialidade contabilidade e intervención).
- No centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o posto de traballo Xefatura de Servizo de Fiscalización e Contabilidade, co código FC.C07.00.012.15770.005, créase aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a XSF2 (escala superior de finanzas, especialidade intervención, e XMF2 (escala técnica de finanzas, especialidade contabilidade e intervención).
- No centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, o posto de traballo Xefatura de Servizo de Fiscalización e Contabilidade, co código FC.C07.00.019.15770.005, créase aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a XSF2 (escala superior de finanzas, especialidade intervención), e XMF2 (escala técnica de finanzas, especialidade contabilidade e intervención).

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.
O secretario xeral técnico e do Tesouro

David Cabañó Fernández

Asinado por: CABAÑÓ FERNÁNDEZ, DAVID
Cargo: Secretario Xeral Técnico e do Tesouro
Data e hora: 03/07/2025 12:25:48

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste codigo.
CVE: fVxdIjds54d1 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve